




ORIENTACIÓN PATRIMONIAL



Alejandra Carro

INTRODUCCIÓN

Vos dispoñedes a facer unha carreira de orientación pola vila de Noia, onde acadaredes **1 punto** por cada resposta completa correcta.

Os obxectivos son:

- ✓ aprender sobre a historia da vila e o seu patrimonio.
- ✓ orientarse cun mapa.
- ✓ Realizar actividade física ó aire libre (andando ou correndo)
- ✓ e sobre todo pasalo ben.

Esta carreira ten as seguintes características:

- Tipo o-pé (orientación a pé).
- Diurna.
- De distancia sprint (corta).
- Saída en masa (todos xuntos)
- Por equipos.
- Score (orde libre nas balizas)


Recordade:

- O **medio do círculo** é onde está o punto a localizar.
- Levar un **rotulador** para responder no dosier.

- **Orientar o mapa** con respecto ó que ves no terreo.
- Esta carreira ten **22 puntos** a localizar.

Normas:

- ➔ Tedes que ir sempre todos os do equipo **xuntos**.
- ➔ É obrigatorio cruzar as estradas polas **beirarrúas**, non facelo supora -5 puntos.
- ➔ Se non houberse beirarrúas, circularades pola parte esquerda da estrada.



PUNTOS DE CONTROL

1 PONTE DE NOIA

Tras mandar derrubar a impresionante ponte medieval do s. XIII construíuse a actual no s. XIX.

Os mariñeiros tiñan dereito de uso desta ponte. Nela colgaban as redes de pesca para que secaran, despois de tinguilas con cascas de piñeiro (para mellorar a súa camuflaxe no mar, e non espantar os peixes).

Resposta: Cantos arcos ten?.....

Enfrente da ponte, hai unha óptica na que podedes curiosar polos seus escaparates. Descubriredes información da zona: da ponte, e desta porta da muralla, a **Porta da Peregrina**.

2 RÚA LAXE

Botádelle unha ollada á fachada do edificio.

Resposta: Que vedes que vos chame a atención?

3 PRAZA DO TAPAL

Antiga praza de armas da **fortaleza do Tapal** e da **Igrexa de San Martiño**, presidida por un importante **cruceiro**.

Nesta praza decapitaron a Rui Soga de Lobeira, Señor de Noia, pola axuda que lle prestou ó arzobispo Berenguel de Landoira.

Cruceiro: foi trasladado dende Ponte Nafonso. Segundo a tradición foi realizado polo mestre canteiro que fixo a ponte onde estaba.

Fortaleza do Tapal: Foi derrubado polos irmandiños no século XV. Actualmente só queda unha pequena parede cunha única ventá de dobre arco.

Igrexa de San Martiño: O seu pórtico imita ó da catedral de Santiago. Na parte lateral ten dúas torres (unha delas inacabada), e na central, tres corpos verticais. Nos laterais da porta van representados os 12 apóstolos. Encima da porta, hai 3 arquivoltas (arcos):

- na mais interior aparece Xesús, na clave (peza central do arco) rodeado de 12 músicos.
- na arquivolta do medio, está a Virxe (embarazada) na parte máis esquerda e na parte dereita o arcanxo San Gabriel, entre eles 14 anxos.
- Na exterior amósase decoración vexetal.

Resposta: Fixádevos ben, alguén está a facervos burla, cantas caras están a sacarvos a lingua?.....

Conta a **lenda** que existe unha maldición na torre incabada da Igrexa de San Martiño: quen tenta rematar a segunda torre, tera un triste final. Como lle aconteceu a Claudio Guerín, director de cine que morreu no último día da rodaxe da película "La campana del infierno" (xénero de terror) en 1973 tras reconstruír en cartón-pedra a segunda torre. Preparando un plano complicado, Guerín perdeu o equilibrio e caeu ó baleiro. O lugar onde faleceu está sinalado nunha pedra cunha pequena cruz.



Resposta: De que cor é a cruz?.....

4 PORTA DA...

En 1319, o Papa (Juan XXII) nombrou arzobispo de Santiago ó francés Berenguel de Landoira. Os composteláns non estaban dacordo con esta decisión, e impedíronlle a entrada na cidade. O arzobispo intentouno varias veces sen éxito, e finalmente chegou a Noia, coa axuda de Rui Soga de Lobeira, Señor de Noia, buscando apoios fronte ós seus detractores. Exta axuda por parte de Rui Soga de Lobeira foi correspondida ca construción dunha muralla de pedra de 6 metros de alto, a Igrexa de Santa María "a Nova", un hospital para enfermos e peregrinos e un lazareto (hospital de enfermidades infecciosas)

Ista é unha das portas da muralla que rodeaba a vila de Noia, no punto marcado atoparedes o nome desta porta.

Resposta: Porta da.....

5 RUAS GREMIAIS

Os artesáns xuntábanse por gremios que regulaban a formación de aprendices, oficiais e mestres, e marcaban prezos e salarios. Agrupábanse en ruas con nomes que todavía hoxe se conservan (como por exemplo, rúa da pescadería, da carnicería....).

Esta rúa, era onde se machacaba o liño, tanto a porta como a rúa chámanse igual.

Resposta: Rúa e Porta.....

6 PAZO DA COSTA

Pazo urbano de estilo gótico, que posúe unha inscrición nos seus muros, na que se explica cando se fixo e quen o mandou facer.

Resposta: Mira os arcos da sua fachada, que hai nun deles?.....

7 CASA DA XOUBA

Pazo urbano do s. XV. Fachada con 2 arcos góticos oxivais. Nalgunhas partes do edificio aparecen figuras de animais, algunhas delas son gárgolas que conducen a auga ó exterior.

Resposta: Que hai na parte esquerda da fachada?.....



8 PRAZA DE ABASTOS

Lugar concurrido para mercar peixe, carne, verduras e outros produtos.

Na entrada atópase o escudo de Noia, que nos conta a lenda de como se creou a Vila. No escudo do concello aparece a Arca de Noé guiada por unha pomba cunha póla de oliveira no peteiro. A lenda di que a neta de Noé, xunto co seu irmán e esposo Galo Gafeto crearon a vila de Noia. Arredor do escudo aparece escrita unha descripción da vila.

Resposta: Escribe a inscrición.....

9 RÚA DO CURRO

O curro é unha zona da Vila con moita actividade. Os postos de comida da feira medieval (mediados de Xullo) dispoñense nesta rúa.

Nunha casa desta rúa morreu o artífice do primeiro mapa cartográfico de Galicia. Gracias a el avanzouse nas laboriosas tarefas de facer mapas, incluído este de orientación.

Resposta: A quen lle estamos agradecidos polo seu traballo no 1º mapa cartográfico de Galicia.....

10 HOSPITAL DE ADENTRO

Hospital intramuros do s. XV. Foi hospital, Casa da Gramatica e Escola da Vila. Podedes observar como os canteiros facíanlle marcas a algunhas das suas pedras, para así dar fe do seu traballo e poder cobralo. Algunha desas marcas ten forma dunha chave, dun fouciño...védelas?

Pretiño do Hospital, atópase o **pazo do Forno no Rato** ou tamen coñecido como pazo do Bispo.



Resposta: Que hai na parte superior dereita do escudo da fachada?.....

11 COMERCIO

Nesta rúa había casas con soportais, onde os comerciantes facían negocio. Foron derruídas, pero a rúa non morreu, xurdindo novos negocios. Un deles todavía activo a día de hoxe: a farmacia Busto, pasando de xeración en xeración dentro da familia.

Resposta: A Farmacia Busto leva aberta dende, sendo a segunda farmacia máis antiga de Galicia



12 RÚA RODRIGUEZ CADARSO

Rúa adicada a Alejandro Rodríguez Cadarso, noiés, médico, político e rector da Universidade de Santiago de Compostela.

Resposta: A pesar de ser este, o nome oficial da rúa, todo o mundo a coñece como rúa

Aquí atoparedes expostos os restos de “algo”, relacionado cunha inscrición no chan cruzando a estrada do semáforo.

Resposta: Que pon na inscrición?

13 CASINO

Foi centro cultural, intelectual, nel levábanse a cabo luxosos bailes, festas e xogos de cartas. As autoridades da dictadura tamen participaban na “timba” de Noia.

Foi construído no 1928 polo mestre canteiro “Pepe da Agulla”. Di a lenda que o mestre canteiro asinaba as súas obras deixando un erro na fachada.

Resposta: Situádevos do outro lado da estrada e comentade se vedes algo diferente na fachada:

14 IGREXA DE SANTA MARÍA “A NOVA”

Igrexa na que destaca na súa fachada, o relevo do tímpano. Nel están representados a Virxe co neno no colo, os Reis Magos nun lado e o “patrocinador” da igrexa, no outro. O nome deste patrocinador aparece escrito nun retábulo da Igrexa.

Resposta: Esta igrexa foi edificada por orden de

Cemiterio: Cemiterio da Igrexa de Santa María A nova, ou tamén chamado **Quintana dos Mortos**. Considerado entre os 10 cemiterios máis importantes de España.

Está composto por unhas 600 lápidas, coa singularidade de que a maioría teñen gravado algunha ferramenta relacionado co seu oficio, de aí, o seu nome: **lápidas gremiais ou laudas** (gravados de tesoras: xastre, utensilios de pesca: mariñeiros...).

Resposta: Á esquerda da igrexa hai un cadaleito nos muros de pedra, se vos acercades e pegades unha ollada por un buratiño, que vedes?

— — — E I — —



Pasado o enreixado do atrio, atópase no exterior un curioso escudo desgastado: representa a un guerreiro empuñando unha espada

contra unha serpe xigante. A tradición popular di


que representa ó cabaleiro Armero, que matou á serpe que moraba no cemiterio e devoraba a todo canto ser vivinte entraba nel.

Baldaquino: Destaca no medio do camposanto un cruceiro cuberto. Hai dúas historias populares sobre este baldaquino:

- unha di que foi donación dun soldado que regresou das cruzadas traendo terra de lugares Santos, coa que recheou o cemiterio.
- Tamén existe a crenza de que foi construído por un home en honor ó seu irmán. Estes irmáns combatiron xuntos, e durante a batalla separáronse. O maior deles buscou ó outro durante sete anos por terras árabes. Despois dunha longa e infrutuosa búsqueda, regresou a súa terra e mandou levantar o cruceiro en memoria do seu irmán. Pasaron sete anos máis e o irmán perdido conseguiu regresar a este mesmo lugar, mandando tamén construír o templete sobre o cruceiro como acción de agradecemento o seu irmán.

Resposta: Fixadevos nos relevos dos frisos, nun deles aparecen as catro fases da

15 FONTE DE PEDRACHÁN



Esta fonte atópase preto do pozo das Pombas. Del cóntase unha lenda que poderás coñecer neste punto.

Resposta:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

16 LAVADOIRO DE PEDRACHÁN

A rehabilitación desta zona, lavadeiro, muíños... levou varios premios de arquitectura.

Resposta: Cantas vigas lonxitudinais ten o tellado deste lavadeiro?

.....



17 PONTE DE TRABA

Ponte medieval do s. XV sobre o **río Traba**. A súa historia está relacionada ca de Noia, posto que se constrúe para ampliar os seus dominios cara os territorios próximos. Ten 4 arcos: 2 de medio punto e 2 apuntados.

Resposta: : Nas dúas claves dun dos arcos hai unhas caras humanas, recordo dos canteiros que traballaron na ponte, cómo é ise arco? Márcao cunha cruz:

- ☐ Apuntado
- ☐ Medio punto

Noia foi coñecida antigamente pola calidade dos seus zapatos. Necesitábase curtir as peles para facer bos zapatos. Ó carón da ponte de Traba, atoparédesevos cunha **curtidoría**. A súa localización (ó lado do río) non é casualidade, pois empregaba a forza da auga para poder curtir as peles.

Resposta: Destaca na sua fachada lateral e frontal un escudo. Debuxádeo:

18 CAPELA DE ...

Os santos desta capela foron queimados nos anos 36. Chama a atención unha pequena cúpula de cristal que recorda a un faro.

Resposta: O nome da capela está na parte esquerda (mirando de frente):

_____ ○



19 ALAMEDA

Neste espazo atópanse uns xardíns, nos que destacan dous grandes magnolios. Entre eles, atópase o busto dun prestixioso escultor de Noia que lle da nome a ditos xardíns: Felipe de Castro

Este símbolo no mapa indica que é unha estatua.
Este concretamente, é un busto dun escritor da vila, que rexentou durante varios anos a Taberna da Tasca Típica (Pazo da Costa) e adicóuselle o Día das letras galegas no ano 2003

Resposta: Nome do escritor:.....

Os edificios que tedes a carón de vos, son a **Igrexa de San Francisco** e a **Casa do Concello**, levantada sobre os terreos do convento dos Franciscanos, destaca a porta de salón de plenos e o claustro cos escudos.

20 XARDÍNS

Estes xardíns formaban xunto ca zona da Alameda o campo da feira de gando e mercado. Destacan os olmos, castiñeiros de indias... e pasa casi desapercibida un sinal no chan, xusto no punto marcado. No ano 36, aquí pasou algo...

Resposta: : Que pasou?:

21 PAZO DO MARQUÉS

Tamen chamado **Quinta Hermosa**, ou Pazo dos Varela Radío. Dentro do seu xardín, atópanse árbores catalogadas como "árbores senlleiras" pola Xunta de Galicia (*Carreira das Araucarias*)

Unha **árbore senlleira** é unha árbore que, polas súas características extraordinarias ou destacables (tamaño, idade, importancia cultural ou histórica,

beleza...) é considerada unha reliquia botánica, obxecto de respecto vecinal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental.

Situádevos no punto marcado no edificio **les Virxe do Mar**.

Resposta:
Dende este punto, cantas árbores vedes coma a da foto?.....



22 PEIRAO DO MARQUÉS

Peirao que se construiu para facilitar o intercambio de mercadorías por mar. O símbolo sobre o que se atopa o círculo significa elemento especial feito polo home.

Resposta: : Qué é?.....